

Colegio Oficial de Odontólogos  
y Estomatólogos de A Coruña

**ENTRADA**

-3 OCT 2022

N.º Registro: 272

Colexios Profesionais

En Santiago de Compostela, a 30 de Setembro de 2022

Estimado/a compañeiro/a,

Comprácheme comunicarlle que a campaña da gripe deste ano comenzará o 10 de outubro e prolongarase ata o 31 de decembro. Segundo a estratexia da campaña previa, o inicio desta será secuencial para priorizar os colectivos con maior risco.

O obxectivo fundamental desta campaña de vacinación é reducir a súa incidencia e a diminución das complicacións, así como do risco de hospitalización e morte relacionadas con ela.

Queremos solicitar a túa cooperación e axuda na difusión desta campaña que, como ben sabes, vai dirixida as persoas de 60 ou máis anos e menores desa idade incluídos nos grupos de risco e ademais este ano como novidade aos nenos/as entre os 6 e os 59 meses.

O esforzo que poidades levar a cabo desde o voso colexio, difundindo o coñecemento desta campaña entre a poboación na que está indicada a vacinación, suporá a protección dun maior número das persoas en risco, o que redundará nos beneficios en saúde que se pretenden acadar.

Toda a información referente á campaña pode ser consultada na web temática de gripe <https://gripe.sergas.gal/>, onde poderá atoparse toda a información técnica, de xestión e de evolución da campaña ao longo dela.

Agradecendo de antemán o teu interese e inestimable colaboración que contribuirá a aumentar o nivel de saúde da nosa poboación.

Un cordial saúdo

